

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 4705/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 152, de venres 04 de xullo de 2025, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de un xefe de brigada non incluído no cadro de persoal do Concello.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) *A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación. Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.*

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, solicítelles o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto..."

Vista a base xeral 7.2 que sinala "(...) *O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros. Para a válida constitución do Tribunal, requirirase a presenza dos titulares da Presidencia e a Secretaría ou de quen lles substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros, de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público..."*

Vista a base xeral 8.1 que sinala "(...) **Lista provisional.-** *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 10 días.*

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarse no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Nieves Leita Cora, Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Don Javier Balseiro Fernández, Técnico de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Sabela Chao Pino, Técnica de Xestión Tributaria e Económica do Concello de Viveiro.

Titular: Don Manuel Expósito López, Capataz do GEM Coordinación da Agrupación Local de Voluntarios/as de PC do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Víctor Javier Baz López, Oficial Primeiro Condutor do Concello de Viveiro.

Titular: Don Manuel Solloso Fernández, Oficial Primeiro Condutor do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Jose Antonio Fuentes Lamela, Oficial Primeiro Condutor do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Dna. María Del Carmen Riveira Martínez, Administrativo no Departamento de Persoal do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Natalia Mirón Domínguez, Administrativo no departamento de Alcaldía do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o martes día 15 de xullo de 2025, ás 09:00 horas, para a súa constitución e elaboración da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

D^a. María Carmen Gueimunde González D^a. María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

